

ARREPÍOS E OUTROS MEDOS

**Concurso de microrrelatos
para alumnos/as de 5º e 6º de
Primaria.**

Convidámoste a entrar neste mundo imaxinario, queremos que escribas un microrrelato, ou dous ou máis, e que lle busques as costas e o lombo ao medo, que o mires de fronte e que tentes ver de que cor ten o peello.

E atrévete a contárnolo!!

BASES:

1.^a. Poderán concursar todos/as os/as alumnos/as de 5º e 6º de Primaria.

Establécense 2 categorías, unha por cada curso: 5º de EP e 6º de EP.

2.^a O microrrelato englobarase nos xéneros de terror e/ou misterio.

3.^a. O microrrelato estará escrito en lingua galega e será inédito. Debera estar ambientado nunha parroquia do concello de Vedra pola que pase o Camiño de Santiago.

4.^a. En ningún caso poderá presentarse un que xa fose premiado.

5.^a. A extensión do microrrelato non superará as 100 palabras.

O texto estará mecanografado a dobre espazo nunha folla DIN A-4, tipo de letra Arial 12; no que terá que figurar o título do relato e o pseudónimo do/a autor/a.

6.^a. O microrrelato, escrito en prosa, virá acompañado dunha foto (imaxe, ilustración ou debuxo) que ilustre e complemente o texto. O/a alumno/a deberá ser o/a autor/a da foto (ou outra imaxe que se inclúa). A foto non puido ser obxecto de premio noutros certames.

7.^a O traballo deberá presentarse en dous sobres pechados.

No exterior do primeiro sobre indicarse o título do conto, o pseudónimo elixido polo autor e o curso.

No segundo sobre -pechado- introduciranse os datos persoais de identificación do/a autor/a (nome e apelidos).

8.^a. Admitirase máis dunha obra por autor/a.

9.^a. Os traballos entregaranse ás profesoras de Lingua Galega do centro.

10.^a. O prazo de entrega dos microrrelatos finalizará o día 29 de outubro de 2021.

11.^a. O xurado estará formado por alumnado pertencente ao Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

12.^a. O xurado reserva para si o dereito a declarar deserto o concurso se, segundo o seu criterio, os traballos presentados non reunisen a calidade suficiente.

13.^a. Os gañadores do concurso daranse a coñecer no web do centro.

14.^a Outorgarase un premio por curso.

15.^a. Calquera circunstancia non prevista nas bases desta convocatoria será resolta polo xurado.